

CES
COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL
Núm. 37 (2014-2015), páxs. 317-322
ISSN: 1130-2682

ACORDO DE BAIXA VOLUNTARIA NON XUSTIFICADA
NUNHA COOPERATIVA DE VIVENDA. CAUSAS
E FUNDAMENTOS. COMENTARIO Á SENTENZA
133/2014 DA SECC. N.º 28 DA AUDIENCIA PROVINCIAL
DE MADRID DE 28 DE ABRIL DO 2014

*VOLUNTARY LOW NO JUSTIFIED IN A HOUSING
COOPERATIVE. CAUSES AND FOUNDATIONS. COMMENTARY
TO THE JUDGMENT 133/2014, SEC. N.º 28, OF THE
PROVINCIAL COURT OF MADRID OF APRIL 28, 2014*

ISABEL SÁNCHEZ CABANELAS¹

¹ Avogada do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. Correo electrónico: isabel.cabanelas@gmail.com.

O obxecto deste comentario é a sentenza da Sección 28 da Audiencia Provincial de Madrid 133/2014, do 28 de abril, no recurso de apelación número 725/2012, interposto como demandada-apelante por PUERTA DE VICÁLVARO SOC. COOP. MADRILEÑA DE VIVIENDAS e como parte demandante-apelada Don Luís Enrique e Dona Sara, contra a sentenza ditada polo Xulgado do Mercantil número 8 de Madrid, de data 17 de abril do 2012, nos autos número 676/2010, sobre declaración de nulidade dos acordos adoptados polo Consello Reitor e o Comité de Recursos da cooperativa nos que calificaban a baixa de Don Luís Enrique e Dona Sara como non xustificada e asemade sobre a declaración do dereito de reembolso dos socios que causan baixa á devolución da cantidade total reclamada.

I ANTECEDENTES

O 3 de outubro do 2000 Dna. Sara e D. Luís Enrique incorporáronse como socios de PUERTA DE VICÁLVARO SOC. COOP. MADRILEÑA DE VIVIENDAS aportando un total de 42.639,96 euros para financiar a construción da vivenda. A cooperativa establece como prazo de entrega da vivenda o ano 2004, prazo que non foi cumprido. O 9 de xullo do 2009, celébrase unha Asemblea Xeral na que se acorda que a partir de setembro, os socios desembolsen mediante derramas mensuais novas cantidades destinadas á construción das vivendas. O 5 de outubro Dona Sara e Don Luís Enrique comunican ao Consello Reitor a decisión de causar baixa por non poder facer fronte as novos pagos.

O 10 de decembro o Consello Reitor acorda a baixa e califícaa como: “baixa voluntaria non xustificada, fundamentando esta calificación do seguinte xeito: “a túa baixa perxudica gravemente os intereses da cooperativa (Artigo 13, Apartado A, Punto 2, Letra B dos Estatutos)”.

O 10 de xaneiro do 2010 Dona Sara e Don Luís Enrique recorren o acordo de baixa ante o Comité de Recursos. O 25 de maio o Comité de Recursos rexeita o recurso e ratifica o acordo do Consello Reitor, e engade catro novos motivos á calificación da baixa como voluntaria non xustificada adoptada polo Consello Reitor. Estes motivos son os seguintes: “1.- Incumprimento do período de preaviso. 2.- Os motivos alegados non son suficientes para a xustificación da baixa. 3. O socio non estaba ao corrente de pago das aportacións establecidas no momento de comunicar a baixa. 4.- A baixa perxudica gravemente os intereses da Cooperativa por ter imputado o socio un resultado moi superior ao das aportacións realizadas”.

As partes non chegan a un acordo e os socios presentan demanda contra a cooperativa ante o Xulgado do Mercantil número 8 de Madrid.

O 17 de abril do 2012, o Xulgado do Mercantil número 8 de Madrid, dita resolución na que estima a demanda, declara a baixa como xustificada e asemade declara o dereito de reembolso da suma total de 42.639,96 euros no prazo de 18 meses dende a presentación da solicitude de baixa polos socios.

Esta resolución foi recorrida en apelación por PUERTA DE VICÁLVARO SOC. COOP. MADRILEÑA DE VIVIENDAS ante a Sección 28 da Audiencia Provincial de Madrid que resolve o 28 de abril do 2014 desestimar o recurso e confirmar a sentenza apelada.

2 COMENTARIO

O conflito de intereses que da pé a esta resolución trae a súa causa en dous acordos sucesivos. O primeiro acordo é o do Consello Reitor de 10 de decembro do 2009 que califica como “non xustificada” a baixa de Don Luís Enrique e Dona Sara fundamentando tal calificación en que: “a túa baixa perxudica gravemente os intereses da cooperativa (Artigo 13. Apartado A. Punto 2. Letra B de los Estatutos)”. O segundo acordo é o acordo do Comité de Recursos de 25 de maio do 2010 que ratifica o anterior do Consello Reitor e engade catro motivos máis polos que este órgano entende que a baixa dos socios debe ser calificada como “baixa voluntaria non xustificada”.

Esta calificación de “non xustificada” da baixa supón para Dona Sara e para Don Luís Enrique un dobre prexuízo na medida en que permite á cooperativa aplicar deducións nas achegas que ten que devolver aos socios e asemade dota á cooperativa dun prazo máis longo para facer efetivo dito pago.

Para tratar de aclarar o problema exposto debemos partir dun principio básico que rixe no ámbito cooperativo, o principio de portas abertas. Este principio supón un réximen de libre adhesión e baixa voluntaria dos socios. É dicir, permite aos socios darse de baixa na cooperativa voluntariamente sen que exista unha causa que o motive.

O principio de portas abertas é recollido como un dos principios inspiradores do funcionamento das cooperativas na Declaración da Alianza Cooperativa Internacional, celebrada en Manchester no ano 1995. Asemade, a Lei e Cooperativas da Comunidade de Madrid remite como principios retores no funcionamento e regulación das cooperativas amparadas pola citada Lei aos principios establecidos na Declaración da Alianza Cooperativa Internacional nos que se atopa o citado principio de portas abertas, (artigo 1).

Recollendo este principio, o artigo 20 da Lei de Cooperativas da Comunidade de Madrid establece que:

“1.- O socio poderá darse de baixa voluntariamente na cooperativa en calquera momento, mediante preaviso por escrito aos Administradores no prazo que fixen os Estatutos, que non poderá ser superior a seis meses para as persoas físicas e a un ano para as persoas xurídicas.

4.- O incumprimento do prazo de preaviso, asemade como as baixa que se producen dentro dos prazos de permanencia mínimos, terán a consideración de baixas non xustificadas, (...).

5.- Ademais do establecido no apartado anterior, considerarase que a baixa voluntaria é non xustificada: a) Cando o socio realice actividades competitivas coas da cooperativa nun prazo de tempo inferior a un ano, posterior á súa saída da cooperativa b) Nos demais supostos obxectivos previstos nos Estatutos.”

En definitiva, este principio de portas abertas que permite aos socios entrar e saír libremente das cooperativas supón que toda baixa debe calificarse como xustificada, salvo que a Lei ou os estatutos sociais determinen á súa calificación como non xustificada.

Centrándonos nas cooperativas de vivendas e no caso obxecto de estudo, o acordo do Consello Reitor contravén o principio de portas abertas ao calificar a baixa voluntaria como non xustificada sen alegar causa concreta pola que accorda tal calificación, (artigos 1, 20 e 114 da LCCMadrid). A afirmación “a túa baixa perxudica gravemente os intereses da cooperativa” non pode ser entendida como causa concreta que permita a calificación da baixa como non xustificada. Este defecto no procedemento que conleva a nulidade do acordo recorrido en modo algún pode ser subsanado polo posterior acordo do Comité de Recursos, tratando de fundamentar a calificación baseándose en catro novos motivos.

Sen entrar a valorar o contido material do acordo do Comité de Recursos, os defectos formais que imposibilitan a subsanciación do acordo do Consello Reitor que califica a baixa como voluntaria non xustificada son dous. O primeiro dos motivos é moi evidente, a competencia para acordar e calificar a baixa dos socios na cooperativa correspóndelle legal e estatutariamente con carácter indelegable ao Consello Reitor, artigo 39 da LCCMadrid. Polo tanto, é este órgano e non o Comité de Recursos o que debe acordar a baixa e calificala fundamentando a súa decisión no principio de portas abertas que inspira toda a lexislación cooperativa. O segundo motivo, non menos evidente que o primeiro, é o alcance da competencia do Comité de Recursos, unha vez presentado polo socio o recurso contra o acordo de baixa. A competencia do Comité de Recursos debe limitarse a ratificar ou non o acordo obxecto de recurso pero nunca pode suplir ao Consello Reitor completando ou modificando o acordo recorrido, artigo 47 da LCCMadrid. En consecuencia,

o acordo do Comité de Recursos de 25 de maio de 2010 debeuse limitar exclusivamente a estimar o recurso presentado polos socios contra o acordo do Consello Reitor de 10 de decembro do 2009 que calificaba a baixa como voluntaria non xustificada.

En atención ao sinalado, a conclusión non pode ser outra que a nulidade do acordo do Consello Reitor por terse ditado vulnerando o principio de portas abertas que rexe o funcionamento da cooperativa conforme a Lei de Cooperativas da Comunidade de Madrid e os Estatutos sociais e que establecen que salvo causas tasadas a baixa dun socio nunha cooperativa debe ser considerada como baixa voluntaria xustificada.

A suma da nulidade do acordo de baixa máis o principio de portas abertas que conleva a declaración da baixa como xustificada ten unha dobre consecuencia para a devolución das achegas feitas polos socios unha vez que estes causan baixa na cooperativa. A primeira, é que só no caso das baixas non xustificadas pódense aplicar deducións nas achegas dos socios. A segunda, o prazo de reembolso das achegas no caso de baixa non xustificada é de tres anos fronte aos dezoito meses no caso de baixa xustificada, artigo 114 da LCCMadrid e artigo 14 dos Estatutos. No procedemento orixe desta sentenza, Dona Sara e Don Luís Enrique reclaman á cooperativa o pago da cantidade íntegra que entregaron para financiar o pago da vivenda, no prazo máximo de 18 meses a contar dende que solicitaron a baixa pois entenden que a súa baixa merece a calificación de xustificada. No momento de interposición da demanda, xa transcurrira o prazo máximo de 18 meses previsto estatutariamente para o reembolso do capital polo que a sentenza do Xulgado primeiro e a de apelación despois dalles a razón e recoñece o dereito dos socios á devolución íntegra da cantidade achegada no prazo máximo de 18 meses por tratarse dunha baixa voluntaria xustificada.